



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 25 de febreiro de 2019**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 25 de febreiro de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18/02/2019, que se aprobou por unanimidade.

**Propuestas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2019/937**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

**a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
APA ANEXO A LOMBA, DR. FLEMING	G36351823	300,00 €	25/02/2019	SÍ
ASOC. CUL. ESCUADRA 17 TEATRO	G94099454	242,00 €	25/02/2019	SÍ
ASOC. CULTURAL MARAJOTA E MEDIA	G94130317	300,00 €	25/02/2019	SÍ
BARREIRO GARRIDO, DANIEL	35457427Y	880,00 €	25/02/2019	SÍ
BAYGAR, S.L.	B12019659	5.094,10 €	25/02/2019	SÍ
BRAVO PORTELA, JOSE	35292463K	1.330,00 €	25/02/2019	SÍ
CASTROMAN I, S.L.	B36406650	13.115,00 €	25/02/2019	SÍ
COUSO RODRÍGUEZ, M <sup>a</sup> ROSARIO	35451202Z	300,00 €	25/02/2019	SÍ
CRESPO GOMEZ, CARLOS	15373039T	544,50 €	25/02/2019	SÍ



ESCENA EVENTOS, S.L.	B32472250	790,13 €	25/02/2019	SÍ
GONZALEZ GONZALEZ, JOSEFA	76803759C	300,00 €	25/02/2019	SÍ
GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	F36019289	12.867,50 €	25/02/2019	SÍ
KAEME CONSULT. Y PREVENC., S.L	B94017894	15.000,00 €	25/02/2019	SÍ
KILOVATIO GALICIA, S.A.U.	A15051089	935,06 €	25/02/2019	SÍ
SILVA REIRIZ JULIA MARIA	35459340X	268,62 €	25/02/2019	SÍ
UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A.	A63222533	917,46 €	25/02/2019	SÍ
XENEME INTERV. SOCIAL S.L.L.	B15893159	5.500,00 €	25/02/2019	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/680**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kilovatio Galicia SAU** para o subministro de material necesario para proceder á mellora da iluminación na zona de paso de peóns do Hospital do Salnés, por un importe total de 935,06 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/938**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAYGAR SL** para o subministro de 150 valos de seguridade (Valo peonil inclinado 2,15 m. amarelo) para a reposición de elementos danados, por un importe total de 4.537,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/939**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAYGAR SL** para o subministro de unha motobomba caudal honda WB20XT, motor GX120 para a súa reposición por deterioro da existente, por un importe total de 556,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/940**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **CASTROMAN I SL** para o subministro de 300 cadeiras respaldo baixo 8106V Verde, para a súa reposición das rotas ou danadas, por un importe total de 2.774,99 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2019/941**

Dáse conta do escrito presentado por D. Arturo González Farto (representante da ANPA) do CPR Plurilingüe Sagrada Familia, na que solicita se habilite unha zona de carga e descarga escolar no horario de entrada e saída do centro e a súa vixiancia pola Policía Local.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a modificación feita na Rúa Vista Alegre a que fai referencia no escrito consistiu na colocación de elementos de protección da beirarrúa, co que se trata de impedir que os vehículos estacionen sobre a mesma.

En canto á parada de autobús, con motivo da reordenación do tráfico na Rúa Alejandro Cerecedo a reserva foi eliminada, non existindo un lugar adecuado nas inmediacións para unha reserva permanente para un autobús, non considerando aconsellable a sinalización dunha parada permanente para uso eventual.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e fáise constar que tanto os representantes da ANPA como o Director do Colexio mantiveron unha reunión do Alcalde en relación cos temas a que fai referencia no seu escrito o Sr. González Farto.

#### **PRP2019/942**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Silvia Covelo Cabaleiro, en representación de **CP Galerías Gallego (CP Baixos Comerciais Alejandro Cerecedo 8)** en relación coa presenza de toxicómanos nas galerías e solicitando a adopción de medidas. Así mesmo solicitan a reparación de lousas agretadas por parte do Servizo Municipal de Obras.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que as citadas galerías son o baixo dun edificio de titularidade privada, non correspondendo a vixianza dos mesmos á administración municipal, sen prexuízo de que, por estar abertas ao público xeral, as patrullas poidan pasar por alí periodicamente.

Por outra banda en relación coa presenza de toxicómanos, sen facer constar por parte destas persoas unha conduta constitutiva de infracción ou delito, polo que non se pode discriminar por motivo da súa enfermidade ou condición. En todo caso, se se observase algunha conduta que puidera ser legalmente reprochable, deberán poñerse en contacto cos teléfonos 092 ou 986501582 de Policía Local, ou 091 de Policía Nacional, e denunciar os feitos en cuxo caso se acudiría o antes posible.

Así mesmo comunícaselle que se tratará de pasar polas citadas galerías dentro das posibilidades do Servizo da Policía Local.

#### **PRP2019/943**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Sonia López Martínez**, solicitando autorización para ocupación de vía pública o día 23 de febreiro coa instalación de dúas mesas, con motivo da inauguración do establecemento situado en Praza Ravella nº 30.

Dáse conta de informe da Policía Local.

Dáse conta de que polo Servizo de Actividades requiriuse á Sra. López Martínez para que presentase a preceptiva comunicación de apertura do establecemento – inicio de actividade, coa advertencia de que transcorrido o prazo de quince días concedido, procederase ao peche do local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/944**

Dáse conta de escrito presentado por **D. Mariano Dos Santos Dos Santos** solicitando autorización para instalar un inchable na Praza da II República do 12 ao 21 de abril, con motivo da Semana Santa.



A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non é posible conceder autorización solicitada por coincidir as datas co desenvolvemento da campaña electoral e estar a citada Praza a disposición da Xunta Electoral de Zona para actos de campaña, das eleccións ás Cortes Xerais a celebrar o día 28 de abril de 2019.

#### **PRP2019/945**

Dáse conta da solicitude de D. Daniel Agra Hermida para circular como DJ cunha plataforma por diversas zonas de Vilagarcía durante os carnavais. A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, con carácter previo á adopción do acordo que proceda, deberá indicar que tipo de plataforma pretende utilizar, e en que lugares concretos ten previsto actuar.

#### **PRP2019/946**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisy Alcalde Monteagudo, en representación de **O Soño de Lilith**, solicitando autorización para ocupación da Praza de Galicia o día 8 de marzo de 2019, a partir das 15:30 horas, así como a colaboración municipal coa cesión de 4 carpas, 5 mesas e 25 cadeiras para realizar dunha concentración ás 20:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- A actividade deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000€.
- As autorizacións para concentracións deberán ser solicitadas tamén á Subdelegación do Goberno en cumprimento do establecido na Lei Orgánica 09/1999, de 21 de abril.

Comunicaselle así mesmo que ás 20 horas hai prevista outra concentración organizada pola CIG.

#### **PRP2019/947**

Dáse conta do escrito presentado por D. Germán torres Canay, en representación do **Bloque Nacionalista Galego** solicitando autorización para ocupación de vía pública co fin de celebrar un acto de homenaxe diante do busto de Rosalía de Castro, en Carril, o día 23 de febreiro, de 17:00 a 20:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/948**



Dáse conta do escrito presentado por D. Xosé Bouzas Aboi, en representación de **Sindicato CIG**, solicitando autorización para realizar unha convocatoria na Praza de Galicia o día 8 de marzo de 2019, ás 12 e ás 20:00 horas e o día 10 de marzo ás 12:00horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- A actividade deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000€.
- As autorizacións para concentracións deberán ser solicitadas tamén á Subdelegación do Goberno en cumprimento do establecido na Lei Orgánica 09/1999, de 21 de abril.

Comunicáselle así mesmo que o día 8 de marzo esta prevista outra concentración ás 20:30 horas organizada pola asociación O Soño de Lilith.

#### **PRP2019/949**

Dáse conta do escrito da **Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural (Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra)**, no que se empra a ao Concello, como parte interesada no recurso contencioso administrativo – Procedemento Ordinario 20/2019, Expte. Adtvo: Monte Outeiro – Recorrente Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Guillán. Ref. Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra, para que poida comparecer ante o citado órgano xudicial, se o estima conveniente, no prazo de 9 días, mediante procurador e avogado ou só avogado con poder para o efecto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta ao Asesor Xurídico do Concello D. Pedro Palomino Barba aos efectos oportunos.

#### **PRP2019/950**

Dáse conta do escrito da **Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural (Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra)**, no que se empra a ao Concello, como parte interesada no recurso contencioso administrativo – Procedemento Ordinario 19/2019, Expte. Adtvo: Monte Garabulla e outros – Recorrente Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Guillán. Ref. Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra, para que poida comparecer ante o citado órgano xudicial, se o estima conveniente, no prazo de 9 días, mediante procurador e avogado ou só avogado con poder para o efecto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta ao Asesor Xurídico do Concello D. Pedro Palomino Barba aos efectos oportunos.

#### **PRP2019/968**

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 1 de febreiro de 2019 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan Concellos 2019



correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 1ª relación, figurando no mesmo as seguintes subvencións:

- Gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música: Subvención concedida 18.181,00 €
  - Combate Naval 2019: subvención concedida 32.000,00 €
  - Proxecto de prevención do ciberacoso e o bo uso das tic's-Teatro Foro: subvención concedida 3.000,00 €
  - Educación en valores – Cinensino, subvención concedida 4.000,00 €
- A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/1015**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente aos dereitos de acometida para a Gardería Municipal de Vilaxoán, a favor de **UFD Distribución Electricidad SA (Grupo Naturgy)**, empresa subministradora de enerxía eléctrica, por un importe total de 917,46 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.213. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

#### **Emprego**

##### **PRP2019/958**

Vista a proposta da Concellería de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **KAEME Consultoría e Prevención SL** para a realización e impartición dun programa formativo en inclusión e capacitación dixital no Centro de Formación de Matosinhos – Aula CEMIT, a desenvolver de marzo a novembro de 2019, por un importe total de 15.000,00 € (IVE exento), con cargo á partida 241.22799. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2019/959**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gráficas Anduriña Sociedad Cooperativa Galega**, para a realización dun folleto informativo para a divulgación da programación formativa dos cursos de inclusión e capacitación dixital 2019 para a aula CEMIT do Concello, no Centro de Formación Matosinhos, por importe de 350,90 €, con cargo á partida 241.22602. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2019/960**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a Empresas para a contratación de traballadores/as desempregados/as por conta allea, por importe total de subvencións de 50.000,00€ con cargo á partida 241.470,



cunha contía de subvención máxima proposta dende 500 € ata 3.000 €, podendo ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado radicadas nas comarcas do Salnés e Caldas, que formalicen, para prestar servizos nas mesmas, contratos por conta allea con traballadores/as empadroados/as no Municipio de Vilagarcía de Arousa.

Acórase así mesmo dispoñer a súa publicación no B.O.P.

#### **PRP2019/1008**

Dáse conta da existencia dun erro na solicitude de subvención feira ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2019, figurando na mesma a solicitude dunha subvención total de 151.922,40 €, para a contratación de 20 traballadores/as desempregados/as durante 7 meses, a xornada completa:

- 10 Peóns Obras Públicas
- 10 Peóns forestais

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a corrección de erro na solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da citada Orde, dunha subvención total de 146.499,3 €, para a contratación de 15 traballadores/as desempregados/as durante 9 meses, a xornada completa.
- Aprobar unha aportación municipal de 52.883,55 €.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2019/962**

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 1 de febreiro de 2019 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan Concellos 2019 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 1ª relación, figurando no mesmo unha subvención ao Conservatorio Profesional de Música do Concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 18.181,00 € para “gastos de enerxía eléctrica e limpeza do Conservatorio Profesional de Música”, sendo o orzamento total de 19.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/964**

Dáse conta de informe da Directora da Biblioteca Pública Municipal en relación co escrito remitido pola entidade de xestión dos dereitos de propiedade intelectual CEDRO, solicitando datos da Biblioteca Pública Municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir os datos dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018, que constan no informe da Directora da Biblioteca, seguintes:

- Número de obras que foron obxecto de préstamo dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018, desagregando o número de obras literarias, audiovisuais e sonoras:

- Obras literarias: 12.416
- Obras audiovisuais: 1.645
- Obras sonoras: 45

- Número de usuarios inscritos que fixeron uso efectivo do servizo de préstamo no citado período: 1.611



## **Mercados**

### **PRP2019/967**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da **Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para o traslado da celebración do mercado semanal do martes 19 de marzo ao luns 18 de marzo e a apertura da Praza de Abastos con actividade comercial o día 18 de abril (Xoves Santo).

Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

## **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **Xuventude**

#### **PRP2019/970**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro:** Aprobar as bases para a realización do Campamento Urbano de Verán 2019 a levar a cabo durante os meses de xullo e agosto de 2019 nun Centro Educativo de Vilagarcía, dirixido a 90 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2015, por un importe estimativo de monitoraxe do Servizo Básico de Campamento Urbano de 31.081,36 € (IVE incluído).

**Segundo:** O importe prezo estimado por participante: 345,34 €

**Terceiro:** Aprobar os seguintes prezos públicos por participante:

- Dous meses: 180,00 €
- Un mes: 90,00 €.
- Unha quincena: 45,00 €

As cotas do servizo terán unha redución baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente, seguinte:

<b>R.PC. familiar, en base ao IPREM</b>	<b>Aportación Usuario/a</b>	<b>Aportación Concello</b>
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80% e o 100%	50%	50%
Entre o 100% e o 125%	75%	25%
Superior ao 125%	100%	0

Descontos: Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os descontos que figuran no Artigo 15 das bases.

#### **PRP2019/971**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda, aprobar a solicitude de subvención para o programa **Tecnoverán 2019**, ao abeiro das Bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta e marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019 (orde 28 de decembro de 2018, e publicada no DOG nº23 do 1 de febreiro de 2019), polo 100% do orzamento da actividade, que ascende a 5.500,00€ (IVE do 10% engadido).

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Medio Ambiente**

#### **PRP2019/973**





Dáse conta de escrito de **Augas de Galicia** indicando que está a realizar unha supervisión e asesoramento técnico na xestión das instalacións de tratamento de augas residuais urbanas (EDAR) de mais de 2.000 habitantes equivalentes, coa finalidade de obter os máximos rendementos de depuración posibles e comunicando que a principios do mes en curso empezou un novo contrato coa asistencia técnica que desenvolve estes traballos, con indicación das principais novidades con respecto ao contrato anterior.  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Muller e persoas maiores**

#### **PRP2019/1062**

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dunha Campaña de sensibilización cidadá contra as agresión machistas, nas vindeiras festas do Entroido e máis a colocación dun PUNTO LILA seguro, no que informarse para denunciar posibles agresións á integridade na tarde noite do sábado día 2 de marzo, por un importe total de 1.864,31 €, coa seguinte desagregación:

- Orzamento de **Dona M<sup>a</sup> Nieves Ozores Nuñez**, para instalación dos paneis de rotulación e inchado do globo de helio, así como recollida destes materiais, por importe de 901,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799.
- Orzamento de **BAYGAR SL** polo aluguer de caseta, por importe de 125,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.203.
- Orzamento de **O Soño de Lilith**, para a difusión e atención do Punto Lila no Entroido, por un importe de 837,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/1065**

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade – CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira SL** destinado a prestar un servizo para as mulleres e as asociacións que desexen asistir á Manifestación a celebrar o día 3 de marzo en Lugo, por un importe de 420,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2019/979**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Escena Eventos SL** para a creación de tres “gobos”: Un para o Auditorio coa marca propia deste espazo cultural; outro para o Salón García, para o evento “Achégate ao Salón” e un terceiro, xenérico, coa marca “Concello de Vilagarcía”, por un importe total de 790,13 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22641.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/980**



Dáse conta de proposta da Área de Comunicación Social, en relación coa previsión de gasto de publicacións de Cultura 2019, no que indica que as previsións dende marzo a decembro.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados por **Gráficas Anduriña SCG**, por un importe total de 12.516,60 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 334.22631:

<b>PUBLICACIÓN</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>PREZO</b>	<b>TOTAL</b>
Catálogos RIVAS BRIONES	3 expos. De 300 exemplares	1.326,00 €	3.978,00 €
	2 expos. De 500 exemplares	1.450,80 €	2.901,60 €
Polípticos Expos. AUDITORIO	5 expos. De 150 exemplares	322,44 €	1.612,20 €

- Con cargo á partida 334.22602:

<b>PUBLICACIÓN</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>PREZO</b>	<b>TOTAL</b>
Polípticos Prog. Cultural	9 meses (Abril/dicembro)	447,20 €	4.024,80 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/982**

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura de aprobación da programación das exposicións dos próximos meses de 2019 na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal e na Sala Rivas Briones, seguintes:

##### **SALA RIVAS BRIONES 2019:**

- Do 15 de marzo ao 24 de abril, CARLOS MAÑO – “PINTURA”
- Do 3 de maio ao 12 de xuño, XAQUÍN CHAVES – “TRAVELLING”

##### **SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO:**

- Do 29 de marzo ao 5 de maio – “MARATHÓN FOTOGRÁFICA” Concellería da Muller.
- Do 9 de maio ao 22 de xuño – ROSARIO PALACIOS ORIVE.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade á programación proposta.

#### **PRP2019/983**

Vista a solicitude de **D. Germán Torres de Aboal**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 30 de marzp. 28 de abril e 1 de xuño de 2019, en horario de 18:00 a 20:00 horas, para a celebración da actividade denominada “Mesa das Verbas”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/984**



Vista a solicitude de Dona Clara Piñeiro Agra, en representación do **IES Miguel Angel González Estévez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 13 de marzo de 2019, en horario de 15.00 a 22:00 horas, para a celebración dunha reunión con pais e alumnado do citado Centro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/985**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro:** Aprobar o orzamento para a celebración do Entroido 2019, dende o 3 ao 10 de marzo de 2019, coa celebración de distintos actos (Festival de Comparsas, Festival Infantil, Desfile de concurso de disfraces, etc.) por importe de 12.585,12€.

**Segundo:** Aprobar a provisión de fondos a favor da Concelleira Dona Luz M<sup>a</sup> Abalo Pérez, por un importe total de 8.700,00€, coa seguinte desagregación:

<b>NOME FISCAL</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>IMPORTE PROVISIÓN</b>
Festival de Comparsas (8 comparsas)	2.400,00€	2.400,00€
Premios Desfile de Martes de Entroido o día 5 de marzo de 2019	5.300,00€	5.300,00€
Accesit Choqueiros	1.000,00€	1.000,00€
Comparsas que Participan no Desfile de entroido: -Asociación Cultural Marajota e Media (Comparsa Marajota e Media) -Josefina González González (Comparsa Os de Noalla) -Rosario Couso Rodríguez (comparsa O Xoubal) -ANPA DR. FLEMING ANEXO A LOMBA (Comparsa)	300,00€ 300,00€ 300,00€ 300,00€	
JULIA M <sup>a</sup> SILVA REIRIZ	268,62€	
DANIEL BARREIRO GARRIDO	880,00€ (i.v.e. engadido) I.R.P.F. 15%: 120,00€ Líquido a percibir: 760,00€	
CARLOS CRESPO GÓMEZ	544,50€	
ASOCIACIÓN CULTURAL ESCUADRA 17 TEATRO	242,00€	
Gasto imprevisto de xardíns, obras... (estimativo)	250,00€*	
Prensa (estimativo)	500,00€*	
<b>TOTAL ORZAMENTO E PROVISIÓN DE FONDOS</b>	<b>12.585,12€</b>	<b>8.700,00€</b>

- Con cargo á partida 334.48100: 8.700,00 €
- Con cargo á partida 338.22699: 3.885,12 €



#### **PRP2019/986**

Vista a solicitude de D. Miguel Villar Costoyas, en representación de **Fundación Amigos de Galicia**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 11 de marzo de 2019, en horario de 18:45 a 20:45 horas, para a celebración dunhas conferencias sobre Igualdade de Xénero dentro do seu programa “Educación e Igualdade”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/987**

Vista a solicitude de **D. Jacob Ventoso Leiro**, como responsable da organización da Carreira Solidaria “LADESOL”, que organiza a Fundación Educativa Franciscanas na Mogas, dos baños do Auditorio Municipal o día 24 de marzo, en horario de 8:00 a 15:00 horas, con motivo da celebración da V Carreira Solidaria LADESOL, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

#### **PRP2019/988**

Vista a solicitude de Dona Marian Vélez Silva, en representación **Cruz Roja Española**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, os días 7, 8, 14 e 15 de xuño e 4 e 5 de outubro de 2019, , en horario de mañá, para a celebración de accións formativas:

- Primeiros auxilios básicos: 7, 8, 14 e 15 de xuño

- Día 7: de 16:00 a 21:00 horas
- Día 8: de 09:00 a 14:00 horas
- Día 14: de 16:00 a 21:00 horas
- Día 15: de 09:00 a 14:00 horas

- Primeiros auxilios en bebés e nenos: 4 e 5 de outubro de 2019

- Día 4: de 16:00 a 21:00 horas
- Día 5: de 09:00 a 14:00 horas

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e



Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/989**

Vista a solicitude de D. Carlos Álvarez Puga, Presidente da **Agrupación Micolóxica “A Cantarela”**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso das seguintes instalacións municipais con motivo da celebración das actividades do Outono Micolóxico 2019, no mes de novembro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización das mesmas, de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal:

- Sala de Conferencias, os días 11, 12, 13, 14 e 15 de novembro, a partir das 20:00 horas, para realizar as conferencias sobre cogomelos, e o día 23 a partir das 19:00 horas para a sesión de clausura.
- Praza da Peixería, os días 15, 16 e 17 de novembro de 17:00 a 21 horas, para celebrar a XXVII Festa dos Cogomelos.
- O corredor que conduce ao bar do Auditorio, do 10 ao 13 de novembro.
- A sala de exposicións do Auditorio, do 7 ao 23 de novembro, debendo ser informada a dispoñibilidade polo Técnico Auxiliar de Cultura.
- Apertura do Auditorio o día 10 de novembro (domingo) en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas.

Así mesmo acórdase a colaboración municipal coa cesión do material necesario, conforme á propia solicitude (mesas, cadeiras, megafonía, reserva de aparcamento, etc.)

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

##### **PRP2019/990**

O Diario Oficial de Galicia número 21, de data 30 de xaneiro de 2019 publicou a Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, coa seguinte asignación ao concello de Vilagarcía de Arousa:

Código	Concello	Asignación	Anualidade 2019	Anualidade 2020
36060	Vilagarcía de Arousa	47.848 €	23.924,00 €	23.924,00 €



Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora e ampliación de camiño na rúa Perrón e Sentín-Rubiáns”, redactado por enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 135.822,98€.
2. Solicitar a participación no Plan de Mellora de camiños municipais 2019-2020, convocado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, publicado no DOGA número 21, de data 30 de xaneiro de 2019.
3. Solicitar da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o financiamento do proxecto denominado “Mellora e ampliación de camiño na rúa Perrón e Sentín-Rubiáns”.

#### **PRP2019/991**

Dáse conta do escrito remitido polo **Servizo Provincial de Costas de Pontevedra**, en relación coa solicitude de permiso feita polo Concello para levar a cabo o proxecto de “Reordenación rúa Valle Inclán – Victor Pita”, no Concello de Vilagarcía de Arousa, no que indican que a pretendida actuación, de acordo co informe do persoal técnico do citado Servizo, ocuparía unha superficie no dominio público marítimo-terrestre de 930 metros cadrados, debendo solicitarse, de acordo co vixente Regulamento de Costas, a correspondente concesión administrativa, polo que solicitan a remisión de documentación, con carácter previo ao inicio do citado trámite.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a documentación solicitada ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

#### **PRP2019/992**

Dáse conta do escrito remitido polo **Servizo Provincial de Costas de Pontevedra**, en relación coa solicitude de permiso feita polo Concello para levar a cabo o “Carril Bici no Paseo Marítimo de Vilagarcía de Arousa”, no Concello de Vilagarcía de Arousa, no que indican que a pretendida actuación, de acordo co informe do persoal técnico do citado Servizo, ocuparía unha superficie no dominio público marítimo-terrestre de 3.525,50 metros cadrados, debendo solicitarse, de acordo co vixente Regulamento de Costas, a correspondente concesión administrativa, polo que solicitan a remisión de documentación, con carácter previo ao inicio do citado trámite.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a documentación solicitada, á Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, do Ministerio para a transición ecolóxica.

#### **PRP2019/1063**

A Resolución de 15 de xaneiro de 2019 da Conselleira de Medio Ambiente que publica o Diario Oficial de Galicia de 23 de xaneiro de 2019, establece que o canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o ano 2019 por Sogama se fixa na suma de 69,83€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento do IVE. Asímesmo tendo en conta os resultados económicos de Sogama, vaise a aplicar unha bonificación sobre o canon anterior por importe do 10% da cantidade que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018. Desta forma o canon bonificado establececese en 62,93€ por cada tonelada de residuos máis o incremento do IVE.

O devandito canon bonificado será de aplicación ás entidades locais que cumpran as condicións establecidas na disposición adicional 21 da Lei 11/2013 do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da CCAA de Galicia para o ano 2014.

A súa vista, a Xunta de Goberno Local acorda:



1. Solicitar a SOGAMA a aplicación da bonificación referenciada (redución do 10% do importe do canon) a partir do ano 2019 na cuantía de 62,93€ por Tonelada.
2. Asumir o compromiso de trasladar dita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, a través da modificación da Ordenanza Fiscal correspondente, unha vez, que esta sexa aprobada polo Pleno da Corporación Municipal e se produza a súa entrada en vigor.
3. Comprometerse na procura dunha redución da produción de residuos e o incremento do fomento do reciclaxe (por exemplo, a través de campañas, charlas, xornadas, reparto de contenedores, compostadores, etc).
4. Remitir a SOGAMA entre os meses de xaneiro e febreiro do ano 2020, o certificado, expedido pola autoridade competente, a través do cal se acredite que deron cumprimento aos dous compromisos anteriores (puntos 2 e 3).

## **ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2019/1040**

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de información relativa a tipos impositivos de aplicación no Municipio correspondentes ao exercicio 2019.

A Xunta de Goberno queda sabedora.

### **PRP2019/1045**

Dáse conta do requirimento do Ministerio de Facenda, para que se cumpra a obriga de remitir o informe relativo ao seguimento de execución orzamentaria correspondente ao primeiro trimestre 2018.

Dáse conta do cumprimento da obriga do citado requirimento dentro do prazo establecido.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2019/1047**

Dáse conta da subsanación de deficiencias na conta xustificativa presentada pola **Asociación Lar Pro Salud Mental** en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente.

### **PRP2019/1051**

Dáse conta da subsanación de deficiencias na conta xustificativa presentada pola **Fundación Amigos de Galicia** en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente.

### **PRP2019/1053**

Dáse conta da subsanación de deficiencias na conta xustificativa presentada pola **Asociación de Hosteleiros e Iniciativas Turísticas de Vilagarcía** en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente.



#### PRP2019/1055

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xaneiro de 2019, por un importe total de 5.720,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	8	110	880,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	8	110	880,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	8	110	880,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	1	110	110,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	3	110	330,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	3	110	330,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	3	110	330,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	3	110	330,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	3	110	330,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	3	110	330,00
D. XOSE LOIS LEIRÓS GUDE	1	110	110,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	2	110	220,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	3	110	330,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
TOTAL			5.720,00

#### PRP2019/1057

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de xaneiro de 2019, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

#### PRP2019/1059

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Visual Graphics Imagen y Publicidad SL**, polo importe de 4.729,68 €, da factura A 57 (Rex. 19/703), correspondente a subministro e instalación de vinilos na Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, con cargo á partida orzamentaria 4312.63200.





**PRP2019/1060**

Acórdase o recoñecemento de obrigação a favor de **Dielectro Industrial SAU**, polo importe de 908,58 €, da factura 00-108937 (Rex. 19/17), correspondente a subministro de material para a instalación de cheminea de saída de gases da caldeira de peles da Casa de Cultura de Trabanca, con cargo á partida orzamentaria 334.63200.

**PRP2019/1061**

Acórdase o recoñecemento de obrigação a favor de **Dielectro Industrial SAU**, polo importe de 733,96 €, da factura 00-108936 (Rex. 19/16), correspondente a subministro de material para a instalación de cheminea de saída de gases da caldeira de peles da Casa de Cultura de Rubiáns, con cargo á partida orzamentaria 334.63200.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.